

Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil, nº 5 (2018).
Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da
Universidade de Santiago de Compostela/Instituto de
Ciencias da Educación (ISSN: 2386-7620)

Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil é unha revista dixital de periodicidade anual, editada polo Grupo de Investigacións LITER21 da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) vinculado co Instituto de Ciencias da Educación (ICE) de dita universidade, que naceu en 2013 coa intención de ser espazo de debate, análise crítica e visualización da Literatura Infantil e Xuvenil. Acollida no repositorio de revistas da USC, admite colaboracións en galego, portugués, castelán e inglés e estrutúrase en catro seccións fixas que abranguen traballos de diversa extensión e finalidade: “Artigos”, focalizada en estudos sobre Teoría literaria, Historiografía, Análise crítica, Tradución e Educación Literaria; “Notas”, que acolle traballos breves de carácter crítico-divulgativo; “Recensións” con comentarios críticos de monografías, estudos, revistas e calquera material de carácter científico publicado nos dous últimos anos; e “Para saber máis”, un repositorio de traballos individuais ou colectivos de relevancia para o coñecemento da Literatura Infantil e Xuvenil, así como bibliografías descritas.

No seu último número (5º), publicado en 2018, no apartado “Artigos” ofrécense catro traballos de diversa índole e enfoque científico que presentan olladas interesantes e dispares sobre a Literatura Infantil e Xuvenil. O primeiro deles, “Casas-Mapa. Espazos da Memoria”, de Estella L. Freire, analiza dende unha perspectiva didáctica a influencia que teñen os espazos e o seu potencial narrativo-educativo, concretamente, a contorna que conforma a propia identidade, exemplificada en álbums ilustrados nos que os espazos

se configuran como fíos condutores da trama principal e permiten a configuración de cartografías persoais. Preténdese salientar o álbum ilustrado como medio de expresión, obxecto artístico e ferramenta de experimentación didáctica na que imaxe e palabra se relacionan e que permite a transmisión de coñecementos e experiencias. Comenta catro obras nas que se experimenta co espazo doméstico: *Versos como una casa* (2017), de M. Benegas e F. Yáñez; *Casas* (2007), de P. Carballeira e M. Regos; *Hay casas* (2011), de G. Capdevila e M. Olavarría; e *La casa de los Cubos* (2011), de K. Kato e K. Hirata. Conclúe que os espazos son recursos artísticos e educativos importantes para a construción da propia identidade, a partir dunha metodoloxía de desenvolvemento de procesos artísticos e dunha investigación inicial baseada nas Artes e nas Comunidades de Aprendizaxe.

12 A investigadora portuguesa Ana Margarida Ramos repasa en “Do clásico infantil ao libro-brinquedo: panorâmica das recriacións de Pedrito Coelho en Portugal” as principais obras editadas en Portugal dende os anos 90 inspiradas no personaxe de Pedro Coello creado por Beatrix Potter. Comenta en xeral as características dos contos de Potter nos que salienta a ilustración para a comprensión, a escolla de personaxes animais humanizados e o uso do humor; para logo caracterizar de forma global aqueles tipos de libros con elementos manipulábeis, identificados co libro xogo ou libro obxecto, cuxa lectura inclúe competencias diversas asociadas á lectura. Distingue acertadamente entre os libros-obxecto protagonizados por Pedro Coello tres tipos: libros con lapelas (*lift-the-flap books*), libros con texturas e libros con obxectos manipulábeis. Conclúe que son obras caracterizadas pola súa heteroxeneidade de formato e tipoloxía que incorporan elementos de xogo e con calidade visual e que exploran a interacción directa co lector con horizontes de expectativas diferentes.

Carol Gillanders, Laura Tojeiro Pérez e Lucía Casal de la Fuente en “Sonorizando cuentos infantiles” investigan sobre a sonorización como ferramenta eficaz para estimular a educación da atención e a escoita á vez que o desenvolvemento das habilidades musicais ou motrices, pois implica representar con son (música) o narrado (conto), o visto e o sentido. Deste modo as autoras promoven a música como ferramenta para desenvolver valores pro-ambientais na aula, exemplificado coa sonorización dun conto co que traballar a educación ambiental, empregando obxectos sonoros (como utensilios de cociña, cartóns, obxectos reciclados, botellas...) cos que construír instrumentos musicais. Finalmente describen as tres fases do proxecto de in-

vestigación “Sonorización de cuentos infantiles”, realizado polo alumnado universitario do terceiro curso do grao de Mestre de Educación Primaria da USC, e os resultados obtidos coa finalidade de coñecer os seus coñecementos previos, a súa experiencia e aprendizaxe para así poder ofrecer liñas de actuación na súa formación inicial.

A presenza dos contos de fadas en libros didácticos brasileiros do Ensino Fundamental I é a liña de investigación do estudo “Literatura Infantil na escola: os contos de fadas nas páxinas do libro didático” de Dalva Ramos de Resende Matos. Primeiramente repara no proceso de transferencia do conto de fadas ao universo escolar, transformándose en obxecto de ensino, mais traballado de forma inadecuada pois dificulta a formación do lector literario crítico. Logo teoriza brevemente sobre a Literatura Infantil e conceptúa o conto de fadas como todas as narrativas que presentan o marabilloso como elemento caracterizador e que teñan contido temático e forma composicional do xénero. Despois analiza, dende un enfoque cualitativo, dúas coleccións didácticas do Programa Nacional do Libro Didáctico: *Porta aberta: letramento e alfabetização* (2011) e *Porta aberta: língua portuguesa* (2011), de Angiolina Bragança e Isabella Carpaneda. Observa que hai incidencia dos contos de fadas nas diferentes actividades propostas, mais que lamentablemente se privilexian actividades de comprensión pasiva, con pouca profundidade na exploración do texto literario para a formación do lector literario.

En “Notas”, o primeiro traballo “Adaptacións *stopmotion* de *James and the Giant Peach* e *Fantastic Mr. Fox* de Roald Dahl”, de Rocío G-Pedreira e Olalla Cortizas Varela, analiza o uso da técnica cinematográfica do *stopmotion* nas dúas películas baseadas nas obras literarias *James and the Giant Peach* (1961) e *Fantastic Mr. Fox* (1979) do escritor inglés Roald Dahl, tendo en conta a retórica do relato fantástico. Primeiramente, faise un breve marco teórico sobre a Literatura Infantil e Xuvenil fantástica, seguindo a proposta taxonómica do fantástico de Farah Mendlesohn baseada na relación e reacción do lector ante o elemento imposible; sobre o éxito do cinema de animación, pola escolla de técnicas consoantes ao que o espectador espera ver e sentir en relación co fantástico, caso do *stopmotion* que actúa como espello deformador da realidade; e sobre a influencia e importancia das dúas linguaxes semióticas nas adaptacións. Incídese na proximidade e o diálogo entre a literatura e outras artes, como o cine e as artes gráficas, para a planificación da educación literaria e a adquisición da competencia literaria.

“Novas prácticas culturais en Portugal: Trinta Por Uma Linha e Tropelias & Companhia” de Sara Reis da Silva e Eulalia Agrelo Costas supón un achegamento ao proxecto editorial e cultural do estudoso e recoñecido poeta e contista João Manuel Ribeiro. Tras un repaso do contexto histórico e da importancia das editoriais en Portugal como axentes culturais para a divulgación, dinamización e mediación da literatura na infancia, repásanse as achegas dos dous selos editoriais, principalmente as coleccións “Rimas traquinas”, dirixida ao eido poético, e “Percurso em Literatura Infantojuvenil”, única en acoller estudos portugueses e galegos sobre a Literatura Infantil e Xuvenil de interese para investigadores, profesores e mediadores da lectura. Sublíñase a calidade literaria, plástica e estética das dúas publicacións e a súa importancia divulgativa e formativa, ademais de acoller autores representativos xunto a outros emerxentes; así como a inclusión dun número considerábel de obras no *Plano Nacional de Leitura* (PNL).

14 A profesora Isabel Mociño González achégase á narrativa xuvenil galega que recrea elementos de carácter identitario, concretamente a serie *Dragal* de Elena Gallego Abad na nota “*Dragal e a reafirmación da identidade*”. Despois de facer unha breve reflexión sobre as propostas da narrativa xuvenil galega no último lustro do século XX e da primeira década do XXI, salienta a tendencia na que se recorre a elementos de carácter identitario, xa practicada dende os anos sesenta e setenta. Como exemplo desta tendencia, analiza a serie *Dragal*, composta por catro entregas, na que a autora emprega diversos mecanismos para a construción da identidade do protagonista, a reencarnación do último dragón galego, con multitude de referencias culturais, artísticas, históricas e fantásticas, reescribindo e actualizando a tradición culta e popular. Entre os elementos máis recorrentes para a reafirmación identitaria, comenta detalladamente os lugares e monumentos emblemáticos, as tradicións e materiais lendarios e o símbolo do dragón.

En “O mundo de pernas para o ar ou da carnavalização no álbum de Manuela Bacelar” Carina Rodrigues estuda as representacións do tópico da “carnavalización” no álbum escrito e ilustrado pola escritora portuguesa Manuela Bacelar, para demostrar como, empregando o humor, o cómico e a ironía, inverte o mundo e o estereotipo nas súas distintas variantes. Explica que a “carnavalización”, xa analizada polo estudoso Mikhaíl Bakhtine, ten función satírica e catártica e que é representada na literatura infantil a través de recursos como as reelaboracións e/ou subversións de contos tradicionais e a

antropomorfización animal, ben con intención satírica, catártica ou lúdica, permitindo desenvolver o sentido crítico e a imaxinación do lector. Como exemplo desa técnica, analiza a obra da precursora Manuela Bacelar, quen recorre á inversión do mundo con intención satírica en *O libro do Pedro (Maria dos 7 aos 8)* (2008), con fins catárticos e lúdicos na serie de “Tobias”, creando unha verdadeira e utópica república das crianzas, e á inversión de papeis entre humanos e animais en *Bernardino* (2005).

Pola súa parte, Belén Bouzas Gorgal en “A oratura en dous contos ilustrados infantís de Ondjaki” incide no papel de reconstrución cultural que exerceron as tradicións orais africanas, define o termo oratura que se empregou como marca de identidade e analiza a súa presenza na literatura infantil, concretamente nos contos ilustrados *Ynari a menina das cinco tranças* (2004) e *O Leão e o Coelho Saltitão* (2008), do escritor angolano Ondjaki, incidindo no peso dos usos lingüísticos e/ou estilísticos que responden a características propias e definitorias da oratura. Observa que no primeiro se empregan vocábulos do portugués angolano ou doutras linguas, relacionados coa cultura tradicional, e no segundo xogos de palabras e cancións en diálogo coa oratura, entrelazando literatura e música, ademais doutros trazos como o uso de fórmulas da tradición oral, o estilo oralizante, a relevancia dos rituais e a fórmula hipercodificada final. Deste xeito, a estudosa repara que o autor salienta os valores identitarios tratando temas universais con alusións simbólicas ao universo africano e ao imaxinario angolano.

Por último, no apartado “Recensións” acóllense catro olladas críticas de monografías que se ocupan da Literatura Infantil e Xuvenil dende diferentes enfoques e con distintos temas de interese. *Eses libros que nós escolhemos: contributos para a lectura da obra infantil e xuvenil de Alice Vieira* (2016), de Sara Reis da Silva e João Manuel Ribeiro (orgs.), é unha obra colectiva sobre a produción da escritora portuguesa Alice Vieira que incrementa a bibliografía teórica e divulgativa sobre a poética da autora. *Children’s Fantasy Literature. An Introduction* (2016), de Michael Levy e Farah Mendlesohn, ofrece unha visión cronolóxica da literatura fantástica dirixida ao público infantil, centrando a análise en Gran Bretaña e en autores como L. Frank Baum, Edith Nesbit, C. S. Lewis, J. R. R. Tolkien, Diana Wynne Jones, Philip Pullman e J. K. Rowling. *Aproximações al libro-objeto: das potencialidades creativas às propostas de lectura* (2017), de Ana Margarida Ramos (coord.), é unha monografía que enche o baleiro na investigación e crítica e se encarga do denominado

libro-objeto dende unha perspectiva ampla, afondando na súa delimitación, definición, tipoloxía, características e potencialidades literarias, artísticas e didácticas para a formación lectora e o desenvolvemento da competencia lectora, ademais de propoñer a súa clasificación e estudo. Por último, *El cancionero popular infantil en educación* (2017), de Pedro C. Cerrillo e César Sánchez, é unha monografía fundamental no ámbito educativo, especialmente para o profesorado de Educación Infantil e Primaria, que incide na importancia da transmisión oral e do cancionero infantil para o achegamento á poesía como discurso estético.

Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil achégase dunha maneira diversificada á Literatura Infantil e Xuvenil, ofrecendo diferentes análises e estudos de investigadores de diversos ámbitos lingüísticos que axudan á formación do mediador entre o libro e a infancia ao tempo que amplían o coñecemento da Literatura Infantil e Xuvenil e a súa consideración como materia de análise e estudo á mesma altura que a Literatura para adultos. Agardamos e desexamos longa vida a esta revista que dignifica a Literatura Infantil e Xuvenil e lle concede o rango de obxecto de estudo dentro do ámbito académico e da crítica científica.

Carmen Ferreira Boo
Universidade da Coruña

[<https://orcid.org/0000-0002-6069-568X>]